



Expediente 15831/407

Asunto: Nomeamento en comisión de servizos de Técnico de Administración Xeral.

ANUNCIO

Por Resolución desta Concellería Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda se resolveu:

“Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de técnico de administración xeral de Disciplina Urbanística, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

- * *Código:* 423.02.
- * *Denominación:* Técnico de Administración Xeral (posto non singularizado).
- * *Complemento de destino:* 26.
- * *Complemento específico:* 19.277,30 euros/ano.
- * *Grupo, escala, subescala:* A1, Administración Xeral, Técnico Superior ou cumprimento do preceptuado polo artigo 96.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- * *Titulación requirida:* grao/licenciado en dereito ou titulacións esixidas no artigo 169.2a do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- * *A efectos desta comisión de servizos:* Achegarase o currículo profesional.
- * *Duración máxima da comisión de servizos:* Un ano, prorrogable por un ano máis.

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade interesados presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.”

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda